

LIMIAR

Acercarse ao agro e ao rural cunha ollada diferente é unha condición necesaria para repensar a historia recente do noso país e, sobre todo, para pensar o noso futuro. A miúdo estamos presos dunha visión do agro e do rural reduccionista, centrada só no máis obvio e evidente que é o cultivo da terra e o coidado dos animais. Iso marca non só a visión popular e “urbanita” do mundo agro-rural senón tamén a visión predominante até ben recentemente no mundo académico, en particular no económico, e tamén, o que é moito máis grave, no eido da política e dos gobernos. Se acaso as visións máis desenvolvidas levan un tempo analizando a actividade agraria no marco das cadeas de valor da produción agro-alimentaria, para dar conta da integración ou, máis ben, submisión do sector agrario ao sector industrial e á distribución. Que dúbida cabe que o proceso histórico de modernización agraria ten como elemento máis visible esa inserción do sector produtor na cadea de transformación e comercialización dominada polo capital industrial e, máis recentemente, polo capital comercial das grandes cadeas de distribución.

O sector agrario acabaría sendo visibilizado como un elo relativamente pasivo que se tivo que ir adaptando a cambios esóxenos incorporando as novas tecnoloxías que o sector industrial coloca no mercado (maquinaria, fertilizantes, fitosanitarios, sementes, etc) para aumentar a produtividade e poder reunir as condicións técnicas e prezos impostos para os seus produtos por parte da industria transformadora. Certo que esa dinámica, acompañada normalmente por unhas políticas deseñadas para facilitar ese proceso, ten ido moldeando a evolución do sector agrario, tanto desde o punto de vista técnico, como produtivo, de especializacións, estrutura das explotacións, volume de emprego, condicións

de traballo e, mesmo, relacións co medio ambiente ou condicións de vida, etc. Paradoxalmente, mudan moi pouco e lentamente as estruturas de propiedade que, porén, sempre tiñan sido diagnosticadas como a maior eiva do noso agro e que se van manter no tempo ante a desidia dunha política conservadora falta de alento realmente transformador e estratéxico.

De feito, un proceso de modernización impulsado a golpe de intereses da industria e da distribución, cunhas políticas cada vez máis entregadas a facilitar o xogo dun mercado crecentemente europeizado, globalizado e dominado por grandes grupos empresariais, guiadas polo obxectivo neoliberal de conseguir “comida barata” para reducir o custo da man de obra no conxunto da economía, configuran un conxunto de factores que permiten comprender como Galiza pasa de ser un país con máis de medio millón de ocupados no sector agrario a fins dos anos setenta aos menos de cincuenta mil que ten na actualidade. Facer desaparecer centos de miles de explotacións, un 90% do emprego e conducir ao abandono de centos de miles de hectáreas de terras fértiles en catro décadas supuxo un cambio radical ou, dito con perspectiva de país, un devalo vertixinoso.

Dicía Schumpeter que todo cambio, toda transformación ou dinámica innovadora importante conleva sempre un proceso de “destrución creativa”; a aparición de algo novo sempre arrastra a desaparición de algo existente, pero o importante é que o novo trae consigo una transformación ou superación que mellora as condicións medias da sociedade. O certo é que neste noso caso teríamos que falar dun auténtico proceso de “destrución destrutiva”, como eu mesmo suxerira hai xa uns cantos anos. O peso do proceso de desmantelamento e destrución superaría o alcance dos efectos novidosos e creativos. Aumentou a produción e a renda agraria pero desapareceron explotacións, diversidade

produtiva, empregos, poboación e aldeas enteiras. O modo de vida enteiro mudou.

Agora ben, a realidade do proceso de cambio do sector agrario galego ten moitas máis dimensións. É moito máis complexo. O agro fíxose máis tecnolóxico, máis intensivo, máis especializado, máis produtivo, altamente consumidor de enerxía (electricidade e gasoil), con moitísima menos ocupación pero tamén con novos coñecementos, novas cualificacións, novas profesións, novos servizos e... un fortísimo impacto sobre o ecosistema e o medio natural (tanto a nivel local como a nivel global, co aumento de emisións de gases de efecto invernadoiro como o metano, etc). Mudou a súa relación co medio natural -rompéronse os equilibrios tradicionais- e mudou a súa relación cos demais sectores, tanto co industrial como co sector servizos, non só co comercial senón coas diversas actividades terciarias, os servizos técnicos, de asesoramento, de xestión, de formación, etc. A propia actividade produtiva agraria integrou moitas desas funcións e dalgún xeito tirou dun terciario rural que desempeña un papel importante no seu desenvolvemento. Efectivamente, o agro galego tivo unha dinámica interna de cambios, de tipo cualitativo, ligados a innovacións de proceso, organizativas e xestionarias que reflicten unha capacidade de adaptación e cambio endóxena e explican porque non todo foi “destrución”. As persoas ocupadas no sector tiveron a iniciativa e a capacidade non só para investir grandes volumes de recursos nese proceso senón tamén para poñer en marcha novos procesos sociais, organizativos, cooperativos e empresariais que permitiron a adaptación daquela parte do sector que seguiu vivo e continúa en evolución.

Hai xa un par de décadas, nun artigo publicado no ano 2000 na Revista Galega de Economía (“Cambio estrutural e innovación na economía galega”), tentara eu darlle voltas a

este asunto con algunhas reflexións arredor deses aspectos ligados aos procesos de innovación e transformación do sector agrario galego. A abundante e interesante literatura que se ten publicado nestes anos ten abordado en profundidade moitos aspectos da economía agraria galega, porén moitos destes aspectos relacionados coa innovación no sector quedaron nun segundo plano. Uns cantos anos despois tiven a sorte de atoparme cunha doutoranda con interese e vocación por afondar nalgúns aspectos desa problemática e foi así como arrancou a tese de doutoramento de Ángeles Pereira sobre “Terciarización e servizalización na innovación do sector agrario: factores impulsores e efectos na sustentabilidade da gandaría e viticultura en Galicia”. Poñiamos así o foco en dous aspectos apenas estudados neste sector: o papel das actividades de servizos (privados, públicos, cooperativos, asociativos, etc) na pilotaxe desa innovación transformadora e a problemática da súa sustentabilidade ecolóxica. Como todas as teses, foi un labor longo e paciente que neste caso tivo que “bourear” cunha sorprendente carencia de fontes estatísticas que só puido ser suplida pola autora con moito traballo de campo e a colaboración de moitas persoas do sector. Desda tese saíron xa publicados varios traballos académicos en revistas científicas e sae agora este libro que pretende achegar unha síntese dos principais resultados a un público amplo, tanto especializado como non especializado. Creo que é un libro que permite tamén ás persoas e organizacións do sector repensar e valorar o seu propio papel como axentes activos dun proceso tan complexo e multifacético como pouco estudado.

A tese e este libro que tes nas mans veñen encher un oco importante no eido dos estudos económicos do sector agrario e do mundo rural e invita a poñer o foco e seguir afondando en dúas dimensións fundamentais para calquera estratexia futura de desenvolvemento sustentábel do noso

sector agrario, do mundo rural e do país no seu conxunto. A terciarización agraria e a terciarización do rural ten que repensarse e reiventarse para acompañar unha nova etapa marcada pola necesaria transformación do modelo agrario sobre as bases da sustentabilidade ambiental, a calidade e a saúde alimentaria. Un novo modelo produtivo que reduza o seu impacto no ecosistema, que asuma un papel central na rexeneración do medio natural, que produza alimentos máis saudábeis e seguros vai requirir novos coñecementos, novas organización dos mercados, novas cadeas de comercialización e distribución, unha recuperación do valor da proximidade e o control da cadea por partes dos produtores, novas formas de interacción e incluso asociación cos consumidores, etc. Con novas tecnoloxías pero tamén con novas relacións humanas, novas formas sociais, novos modelos de negocio e novas relacións comerciais. Hai aí todo un campo para a innovación social, de xeito que a cooperación e a economía social van ter de seguro un papel importante, como o tiveron xa no pasado -no primeiro terzo do século XX até o colapso franquista- e como o tivo de novo ao longo do período analizado na tese de Ángeles.

Estou certo que este libro de Ángeles vai axudar a repensar moitas desas cousas que cada vez son máis urxentes. Unha ollada diferente sobre o agro e rural que reclama por outras máis que terán que vir para ir debullando unha folla de ruta para un agro e mundo rural vivo, nunha sociedade que precisa tamén repensar o seu modo de vida e o seu lugar no mundo. Certamente, ese cambios non van agardar polo estudos académicos nin van ser movidos por eles senón que van vir impulsados pola necesidade cada vez máis clara de repensar a alimentación, a saúde e o modo de vida dentro dos límites dun ecosistema cuxa capacidade de carga temos rebordado en exceso. Tarefa nada fácil sabendo que reapropiarse das condicións de produción nun marco

sostíbel, garantindo unha actividade remunerado e digna para os traballadores directos e indirectos do sector agrario require mudar de xeito moi profundo o papel e o poder das grandes cadeas que hoxe dominan e esganan o sector. Tarefa nada fácil pero tarefa necesaria.

Xavier Vence Deza
Catedrático de Economía Aplicada da USC
2019

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Diferenzas entre modernización ecolóxica feble e forte.....	52
Táboa 2. Evolución das estruturas agrarias.....	68
Táboa 3. Taxas de variación anual acumulativa dos principais indicadores das estruturas agrarias (%).....	69
Táboa 4. Evolución da agricultura ecolóxica en Galicia.....	72
Táboa 5. Distribución de cultivos e superficies de agricultura ecolóxica	73
Táboa 6. Especialización dos operadores de produtos ecolóxicos	74
Táboa 7. ADSG recoñecidas (2014)	78
Táboa 8. ADFs subvencionadas (2015) ⁴⁶	82
Táboa 9. Expedientes aprobados de servizos de asesoramento e xestión.....	87
Táboa 10. Evolución de magnitudes da rama Agricultura, gandería, caza e servizos das actividades relacionadas con elas. Galicia	92
Táboa 11. Importancia dos servizos como consumo intermedio (A) / CI e terciarización do sector agrario galego (A) / PA.....	97
Táboa 12. Consumos intermedios de servizos nas Contas Económicas da Agricultura	102
Táboa 13. Evolución das magnitudes PA, CI e VEB e da ratio CI/PA. En termos reais (base 1990)	105
Táboa 14. Evolución das magnitudes agrarias. En millóns de euros correntes.....	106
Táboa 15. Evolución das magnitudes da Produción Agraria (PA), Consumos Intermedios (CI) e Servizos, e das ratios Servizos / PA e Servizos / CI. En millóns de euros correntes...	107
Táboa 16. Estrutura dos Consumos Intermedios da agricultura (%).....	113

Táboa 17. Evolución do gasto en Servizos Agrícolas e das ratios “Servizos Agrícolas / Consumos Intermedios” e “Servizos Agrícolas/ Producción Agraria”, en millóns de euros correntes e porcentaxes.....	115
Táboa 18. Traballo realizado por persoas non empregadas directamente polo titular (2013)	122
Táboa 19. Traballo realizado por persoas non empregadas directamente polo titular (2009)	123
Táboa 20. Explotacións que utilizan maquinaria externa (2013)....	124
Táboa 21. Explotacións que utilizan maquinaria non exclusiva, segundo tamaño e tipo de máquina. 2013 (%)	125
Táboa 22. Importancia relativa da maquinaria non exclusiva (%)	126
Táboa 23. Características das cooperativas seleccionadas	133
Táboa 24. Emprego e rede das cooperativas (número de relacións con outras organizacións)	135
Táboa 25. Servizos ofrecidos polas cooperativas da mostra e nivel de externalización.....	140
Táboa 26. Distribución das explotacións da mostra por percentiles.....	144
Táboa 27. Sistema de produción, por tamaños (%)	145
Táboa 28. Valores medios de vacas en ordeño, SAU e cultivo de millo, segundo tamaños	146
Táboa 29. Valores medios de SAU e cultivo de millo, segundo sistema produtivo.....	147
Táboa 30. Valores medios dos ingresos das explotacións, por tamaños (%)	147
Táboa 31. Valores medios dos ingresos das explotacións, por sistema produtivo (%)	148
Táboa 32. Forma xurídica das explotacións, por tamaños (%).....	148
Táboa 33. Características do xefe da explotación	149

Táboa 34. Estrutura laboral da explotación (valores medios) ..	150
Táboa 35. Fórmulas de tenza de maquinaria (%).....	151
Táboa 36. Valoración da maquinaria (valores medios escala 1-5).....	151
Táboa 37. Pertenza a colectivos que prestan servizos (%)	152
Táboa 38. Estratexias das explotacións a medio prazo, por tamaños (%).....	154
Táboa 39. Sub-zonas da DO Rías Baixas	174
Táboa 40. Tarefas dunha explotación vitícola de 3 hectáreas	175
Táboa 41. Tipos de asociacións na agricultura e o mundo rural	196
Táboa 42. Discursos dominantes nas OPAs	201
Táboa 43. Servizos prestados polas OPAs en Galicia.....	205
Táboa 44. Distribución das cooperativas da mostra segundo orientación principal.....	215
Táboa 45. Prestación de servizos polas cooperativas da mostra	219
Táboa 46. Política de prezos das cooperativas.....	224
Táboa 47. Axente impulsor dos servizos	226
Táboa 48. Relevancia da axuda pública para a implantación do servizo.....	229
Táboa 49. Estratexias das cooperativas a medio prazo.....	232
Táboa 50. Estratexias das cooperativas segundo orientación principal (%).....	235

ÍNDICE

Limiar	7
1. Introducción	13
2. Terciarización e cambio estrutural: conceptos e contexto.....	21
2.1. A importancia dos servizos na economía	21
2.2. Definición e clasificación dos servizos	22
2.3. O estudo da terciarización no sector agrario	26
2.3.1. Tendencia á externalización como alternativa ao axuste estrutural clásico	27
2.3.2. Factores explicativos da externalización de tarefas agrarias.....	30
2.3.3. Efectos da externalización de tarefas agrarias	35
3. O sector agrario en contexto: factores que impulsan a terciarización	39
3.1. A industrialización e globalización das cadeas agroalimentarias.....	40
3.2. Dinámicas de innovación no sector agroalimentario: o sistema dominante	43
3.2.1. Consecuencias para as explotacións agrarias das dinámicas de innovación dominantes na industria	46
3.2.2. Cara a un novo réxime tecnolóxico: a ecoloxización cadeas da agricultura e o acurtamento das agroalimentarias	50
3.3. Cambios no marco institucional	54
3.3.1. Normas e convencións sobre a calidade dos produtos agroalimentarios.....	57
3.3.2. Privatización dos servizos de extensión agraria	59
4. Evolución e cambio no sector agrario galego	65
4.1. Cambio estrutural do sector agrario galego	65
4.2. Mudanzas do marco institucional e adaptación do sector agrario galego	75

4.2.1. Patróns de profesionalización na xestión: a introdución da contabilidade técnico-económica como ferramenta para a toma de decisións	75
4.2.2. Control sanitario nas explotacións	77
4.2.3. Calidade alimentaria	79
4.2.4. Servizos orientados a reducir os impactos medioambientais	81
4.2.5. Asesoramento da explotación sustentable	83
4.2.6. Da extensión agraria ao aconsellamento.....	84
5. Terciarización do sector agrario galego: unha aproximación empírica	91
5.1. A terciarización do sector agrario galego dende a perspectiva sectorial	91
5.2. O gasto en servizos da Rama Agraria	101
5.3. A externalización de tarefas agrarias	113
5.3.1. A externalización de traballos agrícolas dende a perspectiva sectorial.....	114
5.3.2. A externalización de tarefas agrarias dende a perspectiva micro.....	118
6. Trazos da terciarización no sector gandeiro de leite	129
6.1. Contextualización e antecedentes	129
6.2. Oferta de servizos aos gandeiros.....	133
6.2.1. Carteira de servizos: caracterización, ritmo de incorporación e motivación	135
6.2.2. Política de prezos.....	141
6.2.3. Actividades tecnolóxicas.....	142
6.2.4. Beneficios dos servizos para o socio	143
6.3. Demanda de servizos polo sector gandeiro de leite.....	144
6.3.1. Contratación de servizos.....	155
6.3.2. Razóns das explotacións para a contratación de servizos.....	159
6.3.3. Relación dos servizos co tamaño e co sistema de produción da explotación.....	159

6.4. Patróns de terciarización do sector gandeiro de leite: relación con outras dinámicas.....	164
7. Trazos da terciarización na viticultura e na gandería	
en integración.....	173
7.1. A terciarización na viticultura do Salnés.....	173
7.1.1. Contextualización e caracterización do cultivo vitícola	173
7.1.2. Ciclo da vide e requirimentos de traballo.....	174
7.1.3. Abandono da actividade vitícola: novas tendencias na xestión do viñedo	177
7.1.4. Necesidades de información, asesoramento e formación	177
7.1.5. Cambios na normativa medioambiental e novos servizos.....	178
7.1.6. Pautas de terciarización e relación con outras dinámicas do sector vitícola	181
7.2. Trazos da terciarización na gandería en integración vertical	184
7.2.1. Contextualización e caracterización da gandería integrada.....	184
7.2.2. Características da relación de servizo na gandería en integración vertical.....	185
7.2.3. Pautas de terciarización e relación con outras dinámicas da gandería integrada	187
7.3. Síntese e comparación: integración de servizos no proceso produtivo do sector agrario	189
8. O papel do asociacionismo agrario na terciarización do sector.....	195
8.1. Introducción.....	195
8.1.1. As cooperativas agrarias	196
8.1.2. As Organizacións Profesionais Agrarias.....	199
8.2. As organizacións profesionais agrarias en Galicia	203
8.2.1. Orixes e características das organizacións.....	203
8.2.2. Carteira de servizos.....	204

8.2.3. Capacidade das organizacións	206
8.2.4. Factores impulsores da oferta de servizos.....	207
8.2.5. Valoración do papel das OPAs como provedoras de servizos.....	210
8.2.6 Satisfacción de necesidades “creadas”, necesidades reais e calidade dos servizos.....	211
8.3. As cooperativas agrarias en Galicia	212
8.3.1. Prestación de servizos segundo a orientación da cooperativa.....	217
8.3.2. Política de prezos.....	223
8.3.3. Impulsores do servizos nas cooperativas agrarias	225
8.3.4. Importancia das axudas públicas	228
8.3.5. Estratexias das cooperativas	231
8.3.6. Actividades de I+D das cooperativas.....	235
8.4. Os servizos do asociacionismo agrario e o cambio adaptativo do sector	238
Conclusións.....	243
Bibliografía.....	255